

BANCO DE LIBROS DAS FAMILIAS do CPI do Feal

Narón 9 de xuño de 2021

Informámosvos que un ano máis, poñemos á vosa disposición dende a **ANPA O Buxato** o servizo do **BANCO DE LIBROS DAS FAMILIAS do CPI do Feal** . O seu obxectivo é favorecer a reutilización dos libros de texto, a través dun sistema gratuíto de préstamo de libros para as familias que o soliciten, que é xestionado polo ANPA. Ademais de supoñer un aforro para os pais, este sistema ten outros beneficios: fomenta a solidariedade na nosa comunidade educativa, axuda a concienciar aos alumnos sobre o coidado e respecto aos libros (que se se usan de forma adecuada poderán ser reutilizados por outros compañeiros), ten tamén beneficios ambientais e favorece a adecuada xestión dos recursos.

Debido a implantación do libro electrónico so se poderán solicitar libros para 3º e 4º de Primaria.

Aquelas familias de 4º de Primaria que se beneficiaron do préstamo de libros no curso 2020/2021, deberán devolvelos o 23 de xuño de 9 a 12 h no noso local.

A devolución debe facerse nunha bolsa pechada, etiquetada co nome do alumno, que debe entregarse no local do ANPA. Sen a devandita devolución, non poderán solicitarse ao banco novos libros en préstamo.

Aqueles que recibichedes en préstamo libros de 2º, 3º ou 4º da E.S.O deberedes entregalos na aula.

Os que desexedes doarnos libros da vosa propiedade de 3º ou 4º de Primaria poderedes entregalos no local da ANPA o día 23 de xuño de 9 a 12 h.

Para solicialos libros de 3º e 4º de PRIMARIA deberedes entregar obrigatoriamente a solicitude en conserxería ou no local da ANPA antes do 10 de xullo.

.....
SOLICITUDE BANCO DE LIBRO DAS FAMILIAS. CPI DO FEAL

ALUMNO/A:..... CURSO NO 2021/22

MOVIL DE CONTACTO.....